

Curso 2024/25

# PROGRAMA ESCOLAR MPG

---

Actividades e obradoiros  
didácticos.  
ESO e Bacharelato.

Museo do Pobo Galego



# ACTIVIDADES CO DEAC

## DE REMUDA

A remuda, nunha foliada, consiste en relevar a quen está tocando para que poda bailar pois, remudar, refírese a facer cambios. Nesta visita dialogada falaremos sobre os usos da música de tradición oral e os cambios precisos na súa viaxe cara a actualidade. Para que a usamos, como chega até nós ou que novos estilos a nutren, son algunhas das preguntas ás que responderemos conxuntamente. Así, mentres falamos de mudanzas e adaptacións, iremos remudando actividades, escoitando arquivos sonoros, experimentando xogos bailados ou creando e cantando poesía oral.

- Dirixida ao alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO.
  - Actividade dinamizada polo DEAC.
  - Duración de 75 minutos.
  - Máximo de participantes por sesión: 25
  - Datas e horario: de martes a venres de 11h a 14h.
  - Prezo: 1€ por alumna/o. De balde para centros socios.
- 

## PASEO SONORO

Proposta centrada na literatura de base popular contida nos arquivos do Museo. Camiñaremos polas salas pondo en relación as pezas que observamos con sons do noso patrimonio inmaterial que nos falan dos usos, crenzas e costumes desde as que ambas pezas foron creadas. Con este paseo procuraremos xerar reflexión crítica sobre a poesía oral e os contextos e realidades que amosa, achegándoa á actualidade do alumnado.

- Dirixida ao alumnado de 4º da ESO e Bacharelato.
- Actividade dinamizada polo DEAC.
- Duración de 75 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 14h.
- Prezo: 1€ por alumna/o. De balde para centros socios.

## MICE PETÍS

Mice Petís é a sección didáctica para centros escolares da MICE, a nosa Mostra Internacional de Cinema Etnográfico, que celebraremos do 12 ao 16 de marzo de 2025.

Na semana do festival, ofrecémosvos sesións cinematográficas no Museo onde veremos unha escolla de curtas.

- Con 1º e 2º da ESO visualizaremos filmes seleccionados por Severiano Casalderrey, docente e programador experto en cinema curto.

- Para 3º e 4º da ESO e Bacharelato contaremos con filmes realizados pola asociación Memoria e Cinema en torno á memoria histórica. Nesta opción teremos a posibilidade de traballar co apoio dunha unidade didáctica.

- Dirixido a Secundaria e Bacharelato.
- Prezo de 1€ por alumna/o.
- Duración aproximada de 40 minutos.
- Datas e horario: as sesións realizaránse na semana da MICE e poderedes concertalas no correo-e [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)

## MICE PETÍS VIRTUAL

Actividade en liña na que poderedes ver filmes nos vosos centros a través dunha ligazón. Poderedes descargarlas e visualizalas na aula a partir do 16 marzo e até finais de curso.

- Dirixido a Secundaria e Bacharelato.
- Prezo de 50 céntimos por alumna/o.
- Duración aproximada de 40 minutos.
- Datas e horario: a decidir polo centro a partir do 16 de marzo e até final de curso.

# ACTIVIDADES AUTÓNOMAS

Ofrecémosvos diferentes actividades autónomas, é dicir, dirixidas polo profesorado a través de materiais que vos enviamos con antelación. Poderedes desfrutar dos contidos da colección permanente mediante diferentes dinámicas adaptadas a cada tramo educativo.

Podedes escoller entre:

1. **Museo en test** \_\_\_\_\_ Para 1º e 2º da ESO.
2. **Quebracabezas temático** \_\_\_\_ Para 3º e 4º da ESO e Bacharelato.
3. **A fórmula Andrade** \_\_\_ Para todo o ciclo da ESO.
4. **Remuíño de pistas** \_\_\_\_ Para centros en intercambio.

(Dispoñible en castelán, portugués, francés e inglés).

Atoparedes os materiais das **Actividades Autónomas** pinchando aquí e localizando a pestana “Materiais para actividades autónomas”. O plano para orientarvos no edificio tédelo aquí.

- Actividades dirixidas polo profesorado.
- Prezo de balde mais lembrade que o centro debe traer os materiais impresos.
- Duración aproximada de 60 minutos.
- Máximo de 30 participantes en cada quenda (agás na *Fórmula Andrade* que o máximo é de 16).
- Poden realizar a actividade quendas de 30 cada 30 minutos.
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 18h.
- Aínda que sexan visitas autónomas, sen a mediación do departamento de educación, debedes ter a reserva confirmada a través do correo-e [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)

## INFORMACIÓN PARA CONCERTAR A VISITA

### • HORARIO

Atención telefónica: de martes a venres de 09h30 a 15h.

Atención de grupos en sala: de martes a venres de 11h a 14h.

As actividades libres ou autónomas pódense facer no horario de apertura do Museo.

### • RESERVA DE ACTIVIDADES

A través deste formulario.

### • PREZOS


Entradas de balde para estudantes menores de 18 anos. Para estudantes maiores de 18 anos o prezo está reducido a 2€.

As actividades co DEAC teñen o coste de 1€ por alumna/o. Son gratuítas para centros socios.

As actividades libres ou autónomas son de balde.

### • DATOS DE CONTACTO

 [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)

 981 583 620 · Tede en conta que moitas veces estamos en sala, polo que a mellor forma de contactarnos é vía correo-e